



INSTRUCCIÓN

| | |
|---------------|--|
| CÓDIGO | I/SXP/02/13 |
| DE: | Subdirección xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde |
| A: | Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade |
| DESTINATARIOS | Xefes Servizo Control Riscos Ambientais Xefes Zonas Veterinarias de Saúde Pública DTSIA responsables supervisión matadoiros Inspectores veterinarios oficiais de matadoiros de aves |
| VIXENCIA | Ata a súa inclusión na “Guía da Actividade Inspectoras nos Matadoiros. Procedementos para os Servizos Veterinarios Oficiais” |

ASUNTO: PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN DOS SERVIZOS VETERINARIOS DE MATADOIRO NO CASO DE COÑECEMENTO DE RESULTADOS POSITIVOS A SALMONELLA (SEROTIPOS DE INTERESE ZONÓTICO) EN AUTOCONTROIS NAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

OBXECTIVO

Este procedemento ten por obxecto o establecemento dun correcto fluxo de información entre as autoridades competentes do control oficial dependentes da Consellería de Sanidade e da Consellería do Medio Rural e do Mar, nos casos de detección de resultados non conformes no marco dos Programas de vixilancia e control das zoonoses.

ANTECEDENTES

1-O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, establece uns Programas Nacionais de Vixilancia e Control de determinados serotipos de salmonella de interese zoonótico (* ver Anexo I) en aves (de acordo co establecido no RE 2160/2003, do 17 de novembro, *sobre o control da salmonella e outros axentes específicos transmitidos polos alimentos*) que son aprobados anualmente mediante Resolución do citado Ministerio.

Neste programas, establécese a obriga por parte das autoridades competentes en materia de gandería de informar dos resultados positivos dos que teña coñecemento ás autoridades competentes en materia de saúde pública (sen prexuízo de que os animais, para o seu sacrificio, deben ir acompañados da información correspondente da cadea alimentaria, tal e como se establece no RD 361/2009, do 20 de marzo, *polo que se regula a información da cadea alimentaria que debe acompañar aos animais destinados ao sacrificio*).

Ademais, os distintos axentes que participan nos programas de control (produtores, persoal das empresas de



integración ou comercialización de aves e laboratorios autorizados para o análise das mostras), deben notificar á autoridade competente en materia de gandería os casos positivos aos serotipos de interese zoonótico (Lei 8/2003, do 24 de abril, de Sanidade Animal).

2- O RD 361/2009, establece (no seu artigo 9) que cando o veterinario oficial do matadoiro detecte ou teña coñecemento dalgún problema (enfermidade ou estado de saúde que poida afectar á saúde pública) con orixe na fase de produción primaria, deberá informar o antes posible, entre outras, á autoridade competente responsable da supervisión a nivel da explotación.

3-A pesar destas obrigas establecidas pola normativa, as autoridades competentes da Consellería do Medio Rural e do Mar informaron recentemente a esta unidade de que se detectou o sacrificio en matadoiro de animais positivos a serotipos de salmonella con interese zoonótico sen que foran informadas (é dicir, sen que se tivera respectado a cadea de comunicación establecida pola normativa anteriormente mencionada) .

Compre polo tanto establecer unhas directrices comúns co fin de asegurar que todas as autoridades competentes no control reciben a información preceptiva, co fin de aplicar as medidas axeitadas en cada elo da cadea.

De acordo co anterior , emítese a seguinte **INSTRUCCIÓN:**

- Cando os SVO do matadoiro :

Teñan coñecemento da aceptación para o sacrificio de animais (ou lotes de animais) afectados por algunha enfermidade de interese zoonótico ou constaten a existencia de resultados analíticos positivos a estas enfermidades (ex/salmonella) e non foran informados previamente desta circunstancia polo xefe da zona veterinaria correspondente, **comunicarán esta información o antes posible ao seu xefe de zona, indicando os datos da explotación de orixe dos animais (Cód. REGA + titular).**

- O xefe de zona trasladará inmediatamente esta información ao Xefe do Servizo de Control de Riscos Ambientais que a porá en coñecemento desta unidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-RE 854/2004, do 29 de abril, *polo que se establecen normas específicas para a organización dos controis oficiais nos produtos de orixe animal destinados a consumo humano*

-Real Decreto RD 361/2009, do 20 de marzo, *polo que se regula a información da cadea alimentaria que debe acompañar aos animais destinados ao sacrificio*

-Lei 8/2003, do 24 de abril, *de Sanidade Animal.*

-Real Decreto 2160/2003, do 17 de novembro, *sobre o control da salmonella e outros axentes específicos transmitidos polos alimentos*

-Resolución de 12 de decembro do MAGRAMA *polo que se aproban os Programas Nacionais de Vixilancia e Control de determinados serotipos de salmonella nas distintas poboacións avícolas*



ANEXO I

Serotipos de salmonella con interese zoonótico en avicultura

| Poboación | Serotipo |
|--------------------------------------|----------------|
| Polos engorde | S. Enteritidis |
| Galiñas poñedoras | |
| Pavos (de reprodución ou de engorde) | |
| Galiñas reproductoras | S. Typhimurium |
| | S. Enteritidis |
| | S. Typhimurium |
| | S. Infantis |
| | S. Virchow |
| | S. Hadar |

Santiago de Compostela, 08 de febreiro de 2013

O subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Ángel Gómez Amorín